



Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

## RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE APROBA A CONVOCATORIA DE PRAZAS E BOLSAS ERASMUS+ E COMPLEMENTARIAS PARA A SELECCIÓN DE ESTUDANTES NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ ESTUDOS PARA O CURSO 2024-2025

A Universidade de Vigo, como institución elixible tras a obtención da *Erasmus+ Charter for Higher Education* (ECHE) para participar no programa Erasmus+, coa finalidade de cursar estudos, asinou acordos bilaterais de intercambio de estudantes con outras institucións de ensino superior participantes no programa Erasmus.

En virtude destes acordos, a Universidade de Vigo e en virtude do convenio de subvención asinado co SEPIE, convoca bolsas de mobilidade de estudantes no marco do programa Erasmus+ para o curso 2024-2025 para realizar estadias con fins de estudos (SMS).

As prazas encadraranse dentro do programa Erasmus+, o programa da Unión Europea para a educación, formación, xuventude e deporte, aprobado para o período 2021-2027.

En virtude dos convenios asinados e vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento, en virtude das facultades que lle outorga a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

### RESOLVE:

1. Convocar as prazas Erasmus+ Estudos da Universidade de Vigo en réxime de concorrencia competitiva destinadas a estudantes da Universidade de Vigo que desexen cursar estudos durante o curso académico 2024-2025 nas institucións de ensino superior que se relacionan no anexo IV, que se publica xunto a esta convocatoria.
2. Convocar as axudas Erasmus+ Estudos e as bolsas complementarias que se relacionan no [anexo II](#) desta convocatoria e que se resolverán nunha segunda fase tras a publicación da adjudicación das prazas e tras a sinatura dos convenios correspondentes coas diferentes entidades financiadoras.
3. Ordenar a publicación desta convocatoria e das bases que a regulan, no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#) e no [Portal de bolsas](#) da páxina web da Universidade de Vigo.
4. Aplicar a tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, debido aos prazos de nominación establecidos por parte das universidades socias.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Internacionalización

M<sup>ª</sup> Isabel del Pozo Triviño



## ANEXO I

### BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PRAZAS ERASMUS+ ESTUDOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO CURSO 2024-2025

#### 1. OBXECTO

Ofrecer ao estudiantado da Universidade de Vigo matriculado en programas de grao e mestrado universitario a posibilidade de cursar estudos nalgunha das universidades coas que a Universidade de Vigo asinou un convenio de intercambio de estudantes cos seguintes obxectivos:

- Contribuír á creación dun Espazo Europeo de Educación de alcance mundial e reforzar o vínculo entre a educación e a investigación.
- Promover a empregabilidade, a inclusión social, o compromiso cívico, a innovación e a sustentabilidade medioambiental dentro de Europa e fóra dela noutras accións do programa.
- Propiciar que todo o estudiantado de todos os ámbitos poida formarse no estranxeiro como parte dos seus estudos.
- Expor ao estudiantado a distintos puntos de vista, coñecementos, métodos de ensino e investigación e prácticas de traballo no seu campo de estudo dentro do contexto europeo e internacional.
- Desenvolver as súas capacidades transversais (comunicación lingüística, pensamento crítico, resolución de problemas, interculturais e de investigación) e prospectivas (capacidades dixitais e ecolóxicas).
- Facilitar o seu desenvolvemento persoal: adaptación a novas situacións.

#### 2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

##### 2.1. Requisitos xerais

Non poderá realizarse unha estadía inferior a 2 meses nin superior a 12 meses.

No caso de ter realizado anteriormente outras estadías Erasmus+, a suma de todas elas non poderá superar os 12 meses en total en cada ciclo de estudos, grao ou mestrado universitario. Neste cómputo inclúense tanto as bolsas Erasmus+ Estudos como as de prácticas e as realizadas nun ciclo superior de formación profesional.

##### 2.2. Requisitos académicos

- Estar matriculado/a no curso académico 2023-2024 nalgunha das titulacións oficiais de grao ou de mestrado que se ofertan na Universidade de Vigo. No caso de estudos de mestrado universitario, o estudiantado deberá estar matriculado en titulacións de máis de 60 créditos. O estudiantado deberá presentar a solicitude no primeiro prazo establecido nesta convocatoria.
- Poderá participar o estudiantado que non estea matriculado no curso 2023-24 sempre que cumpra as seguintes condicións:
  - Estar matriculado no curso 2024-2025 en mestrados universitarios de 60 créditos ECTS, ou ben estar matriculado no curso 2024-25 no Grao en Relacións Internacionais ou Grao en Intelixencia Artificial procedente doutras universidades.
  - A estadía só poderá realizarse no segundo cuadrimestre do curso 2024-2025.

Cofinanciado por  
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- Só poderá presentar a solicitude no segundo prazo establecido no punto 4.3 desta convocatoria.
- O estudiantado **deberá estar matriculado** na Universidade de Vigo no curso académico 2024-2025 durante o seu período de intercambio.
- As estadias poderán realizarse entre o 1 de xullo de 2024 e o 31 de xullo de 2025.
- O número mínimo de créditos que se incluírán no acordo de estudos será de 36 créditos para mobilidades anuais e de 18 créditos e para mobilidades semestrais. Poderán incluír menos créditos:
  - Cando a propia normativa da universidade de destino impida unha matrícula de mais créditos ECTS.
  - Estudiantado con discapacidade recoñecida de máis do 65%.
  - Estudiantado con necesidades de apoio educativo adscrito ao programa PIUNE, previo informe favorable da Comisión Técnica de Atención á Diversidade (COATEN).
  - Se a normativa do centro o permite.
- O estudiantado matriculado en PCEOs nos que estean implicados máis dun centro da Universidade de Vigo, deberá elixir **un dos dous centros** e, consecuentemente, rexerese pola normativa de mobilidade correspondente ao centro elixido, que será o responsable da súa mobilidade. O estudiantado só poderá optar aos destinos do centro elixido.
- O estudiantado de Belas Artes deberá presentar un proxecto artístico en formato PDF.
- Cumprir os requisitos específicos de cada centro (ver anexo III).

### 2.3. Requisitos específicos das prazas

Os requisitos específicos para cada unha das prazas aparecen detallados na relación de prazas ofrecidas do anexo IV. O estudiantado ten a obriga de consultalos e comprobar nas páxinas web das universidades de destino os requisitos académicos e lingüísticos para o estudiantado Erasmus+ entrante.

## 3. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A Universidade publicará resolucións de concesión de axudas ao estudiantado seleccionado con praza Erasmus+.

A información sobre as resolucións de concesións de axudas Erasmus+ e outras bolsas complementarias detállase na [anexo II](#) desta resolución.

## 4. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

### 4.1. Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes supón a realización da totalidade dos seguintes pasos:

- Acceder ao Portal de mobilidades saíntes a través da ligazón <https://uvigo.moveon4.de/form/6543908eae218d3f39032844/glg>
- O estudiantado deberá identificarse cos datos de acceso á secretaría virtual.
- Unha vez dentro do portal, o estudiantado deberá cumprimentar no apartado “procedementos abertos” o formulario correspondente á Convocatoria Erasmus+ KA131 e achegar a documentación requirida.  
**Só se poderá presentar unha solicitude por estudante** polo que non deberán premer o botón de enviar ata revisar os datos e asegurarse de que a elección e a orde de prelación dos destinos é a correcta.



#### 4.2. Documentación

No formulario de solicitude correspondente á convocatoria Erasmus+ KA131 no apartado “documentos requiridos” poderá achegar a seguinte documentación:

- **Certificacións oficiais de coñecemento de idiomas estranxeiros** esixidos na normativa do centro de orixe, anexo III, e/ou pola universidade de destino, anexo IV, que deberá acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións oficiais:

<https://www.acles.es/uploads/archivos/Tablas ACLES/Tablas de certificados reconocidos por ACLES 2023 02 03.pdf>

Quedan eximidos de acreditar o nivel de idioma:

- As persoas graduadas ou licenciadas de titulacións nas que a lingua de instrución, polo menos do 50 % das materias cursadas, coincida co idioma de estudo no centro de destino.
- O estudiantado que aprobou un curso equivalente a cuarto da ESO ou superior en sistemas educativos do idioma de estudo no centro de destino.

Non se aceptarán certificados de lingua castelá ou galega.

**Deberá terse en conta que estes requisitos son os esixidos pola Universidade de Vigo para a participación nesta convocatoria. As institucións de destino poden esixir requisitos diferentes ou adicionais.**

- O estudiantado de Belas Artes ten a obriga de presentar **un proxecto artístico** en PDF.
- **Certificado de mobilidade** no caso do estudiantado que gozase dunha bolsa Erasmus+ durante o Ciclo Superior de Formación Profesional, que deberá indicar o número exacto de meses e días de estadía realizados.
- Documentos acreditativos da condición de **estudiantado con menos oportunidades**.

#### 4.3. Prazo de presentación

Establécense **dous prazos** de presentación de solicitudes:

- **1º prazo de presentación de solicitudes:** estará aberto desde o día seguinte á publicación desta convocatoria **ata ás 23:59 (hora peninsular española) do 11 de decembro de 2023.**

- **2º prazo de presentación de solicitudes:** estará aberto do **15 de setembro de 2024 ata ás 23:59 (hora peninsular española) do 15 de outubro de 2024.** Este prazo de solicitudes só estará aberto de haber prazos dispoñibles para o estudiantado que se matricule no curso 2024-25 nun mestrado universitario de 60 créditos ou no Grao en Relacións Internacionais ou no Grao en Intelixencia Artificial. Só poderá realizar a estadía no segundo cuadrimestre do curso 2024-2025.

### 5. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas, publicarase a **resolución coa listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas** coa mención da causa de exclusión.

Cofinanciado por  
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación da resolución coa listaxe provisoria no Portal de mobilidades saíntes, a través do Formulario de Seguimento habilitado.

Este prazo é só para emendar as causas de exclusión das solicitudes. En ningún caso se admitirán cambios nos destinos indicados na solicitude orixinal nin a alteración da orde dos mesmos.

Unha vez revisadas as alegacións, publicarase a resolución coa listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas coa mención da causa de exclusión. A ORI enviará os datos recollidos nas solicitudes presentadas ás persoas responsables de relacións internacionais dos centros para seleccionar ao estudiantado segundo os criterios establecidos por cada centro.

En cada centro publicarase unha **relación provisional do estudiantado seleccionado e concederase un período de reclamación de 10 días hábiles**. As reclamacións dirixiranse á Comisión de selección do centro, da que será presidenta a persoa responsable de relacións internacionais. Os datos das persoas responsables pódense consultar na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/responsables-mobilidade>

Revisadas as alegacións, as persoas responsables de relacións internacionais de cada centro enviarán a selección definitiva á ORI que elevará a proposta de **resolución definitiva de prazas concedidas, denegadas** coa mención da causa de exclusión e **lista de agarda** se procede á vicerreitoría de Internacionalización para a súa publicación.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#), no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo e na ligazón <https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/estudiantes-saintes>.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico do dominio [@uvigo.gal](mailto:@uvigo.gal) sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## 6. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas seleccionadas deberán aceptar á concesión da praza no Portal de mobilidades saíntes no prazo de **10 días hábiles** desde a publicación da resolución definitiva de adxudicación do destino. De non facelo nese prazo, entenderase que renuncia á praza de mobilidade.

O alumnado en lista de agarda que resulte seleccionado con posterioridade a este prazo, deberá aceptar da mesma forma nos **10 días seguintes á súa selección**.

Cofinanciado por  
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Toda renuncia a unha praza **xa aceptada con anterioridade**, deberá comunicarse por escrito á ORI, ao enderezo [outgoing.ori@uvigo.gal](mailto:outgoing.ori@uvigo.gal). A renuncia deberá de ser axeitadamente xustificada. O alumnado que renuncie fóra de prazo e sen xustificación poderá ser penalizado sen participar en vindeiras convocatorias de mobilidade da ORI.

## 7. OBRIGAS DO ESTUDANTADO

**7.1.** Comprobar os requisitos específicos da universidade de destino e que a súa oferta académica se adecúa ao plano de estudos da Universidade de Vigo, así como os requisitos lingüísticos que poidan requirirse para estudantado de mobilidade entrante na universidade de destino.

**7.2.** Unha vez seleccionado/a, enviar ás universidades de destino os formularios de candidatura (*application form*) e toda a documentación requirida no prazo estipulado por estas institucións. A adxudicación da praza de mobilidade por parte da Universidade de Vigo non implica que a persoa seleccionada sexa aceptada automaticamente na institución de destino.

**7.3.** Matricularse na Universidade de Vigo durante o curso 2024-2025. **Non se pagará matrícula na universidade de destino.** Non obstante, algunha das universidades de destino poderá esixir ao estudantado algún tipo de taxa en concepto de organización de actividades, material, etc.

**7.4. Antes de iniciar a estadía**, presentar a seguinte documentación na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes, a través do Formulario de Seguimento habilitado :

- Copia da **tarxeta sanitaria europea**.
- Copia dun **seguro de asistencia en viaxes** que o estudantado deberá contratar e que cubra o período completo de estadía, incluída a realización de exames. O estudantado recibirá instrucións desde a ORI sobre as condicións mínimas requiridas (repatriación, etc.). No caso de ampliar o período da estadía deberá comunicalo á aseguradora para ampliar a cobertura do seguro e achegar o comprobante desta ampliación na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes.
- **Convenio de subvención** que lle será remitido desde a ORI e que deberá estar asinado polas dúas partes (estudiantado e coordinadora institucional Erasmus) **antes do inicio da estadía**. Considerase como inicio de estadía a data na que o estudantado deba estar presente na institución de destino, ben sexa para o comezo do período lectivo ben para participar no curso de idioma impartido pola devandita institución. A data de finalización da estadía será a do último día que o estudantado deba estar presente na universidade de destino, incluíndo as datas dos exames que se deban realizar na devandita institución. **O estudantado deberá comunicar estas datas á ORI coa antelación suficiente para poder realizar os trámites relacionados coa súa estadía Erasmus+ .**
- **Xustificante de ter realizada a proba do *Online Linguistic Support (OLS)***: o estudantado deberá realizar unha proba de nivel obrigatoria do idioma que empregará como idioma de estudo na universidade de destino. Os resultados non impedirán que poida realizar a estadía de mobilidade. En función do resultado obtido, poderá ter acceso a unha plataforma de aprendizaxe en liña antes ou durante o seu período de mobilidade. A información sobre estas probas pódese consultar na web da [EU Academy](#).

**7.5. Antes de iniciar a estadía**, tramitar o seu visado e aboar os gastos, se é necesario, e asegurarse das condicións deste sobre todo no caso de estudantes con nacionalidade de países extracomunitarios e sen permiso de residencia permanente en España.



No caso de Reino Unido, para estadias anuais é obrigatoria a tramitación do visado, con requisitos de certificación de inglés e a contratación dun seguro obrigatorio.

**7.6. Antes de iniciar a estadía,** elaborar un contrato de estudos (*Learning Agreement*) en colaboración coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro ou da persoa encargada da súa titorización. Este contrato deberá elaborarse e ser aceptado pola persoa responsable de relacións internacionais do centro da Universidade de Vigo e da universidade de destino antes do inicio do prazo de matrícula para o curso 2024-2025. As modificacións necesarias no contrato de estudos deberán facerse no primeiro mes do cuadrimestre na universidade de destino. **Se as modificacións inflúen na matrícula efectuada na Universidade de Vigo no curso 2024-2025, deberán ser notificadas polo estudiantado á secretaría do seu centro na Universidade de Vigo unha vez aprobado o contrato polo persoa responsable de relacións internacionais do centro da Universidade de Vigo.**

**O persoal da Oficina de Relacións Internacionais non ten competencias na xestión dos contratos de estudos unha vez creados.**

**7.7. Tras o inicio da estadía,** entregar na ORI o certificado de chegada (*Arrival Certificate*) conforme ao modelo publicado na páxina desta convocatoria no [Portal de bolsas](#), cuberto e asinado pola institución de destino. A data que figura no documento de chegada non poderá ser anterior á que figura como data de comezo no convenio de subvención asinado polas partes.

**7.8. Durante a estadía,** o estudiantado que teña aceptada unha mobilidade para o primeiro cuadrimestre poderá solicitar a ampliación da estadía a curso completo unha vez iniciada a mobilidade. Para solicitar a ampliación, a persoa deberá recibir o consentimento por escrito da persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo e da universidade de acollida e comunicarllo á ORI para recibir o formulario dispoñible para estes efectos. O estudiantado interesado deberá remitir o formulario asinado por ambas partes á ORI respectando o prazo establecido no convenio de subvención. Se na universidade de destino non asinan dixitalmente, o documento deberá ser asinado primeiro de forma manuscrita para despois ser asinado polo/a interesado/a e a Universidade de Vigo dixitalmente. Unha vez que se conceda a ampliación, o estudiantado tramitará os cambios no contrato de estudos coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro de orixe e comunicaraos á [secretaría de estudiantado](#) correspondente.

No caso de ampliar o período da estadía, o estudiantado deberá comunicalo á aseguradora para ampliar a cobertura do seguro e achegar de novo o comprobante desta ampliación na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes.

O estudiantado que decida reducir a súa estadía deberá comunicalo á universidade de destino, á persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo e á ORI o máis axiña posible, e deberá modificar o contrato de estudos e comunicalo á secretaría de estudiantado do centro de orixe. Neste caso, deberá reintegrar a parte proporcional da axuda que tivera recibido.

**7.9. Ao finalizar a estadía,** presentar a seguinte documentación

- **Certificado de fin da estadía:** deberá presentar na ORI o documento orixinal, asinado e selado pola universidade de destino, sen emendas nin borróns. Este certificado será o que acredite a realización efectiva da estadía e a súa duración. As datas de chegada e partida definitivas que aparezan neste certificado serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estadía real.
- **Certificación académica orixinal (*Transcript of Records-ToR*)** expedida pola universidade de destino: a persoa beneficiaria deberá solicitar na universidade de destino a certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das

Cofinanciado por  
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

correspondentes materias ou actividades, os créditos obtidos e a cualificación acadada e presentarlle á persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo. No caso de non obtela antes do regreso á Universidade de Vigo, deberá solicitar que a universidade de destino envíe a certificación directamente á persoa responsable de relacións internacionais do centro na Universidade de Vigo. **É responsabilidade do estudiantado conseguir esa certificación.**

- Encher e enviar a **enquisa UE (EU Survey)** en liña nos **30 días naturais** posteriores á recepción da invitación que recibirá por correo electrónico. A Universidade de Vigo poderá requirir o reembolso da axuda financeira concedida, ao estudiantado que non cubra e envíe a enquisa UE en liña.

## 8. SINATURA DE DOCUMENTOS

Os documentos que precisen ser asinados polo estudiantado nesta convocatoria deben asinarse dixitalmente co DNI electrónico ou co certificado de persoa física emitido pola *Fábrica Nacional de Moneda y Timbre*. Recoméndase consultar o [manual](#) para a obtención do certificado de persoa física.

## 9. USO DO CORREO INSTITUCIONAL E CONTACTO COA ORI

O estudiantado deberá utilizar sempre o correo do dominio [@uvigo.gal](mailto:@uvigo.gal) para dirixirse á ORI e seguir as normas de uso de correo electrónico que se publicarán xunto a esta convocatoria no [Portal de bolsas](#).

O alumando deberá dirixirse sempre a [outgoing.ori@uvigo.gal](mailto:outgoing.ori@uvigo.gal) para todos os temas relacionados con esta convocatoria e a súa estadía.

## 10. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada Lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## 11. PROTECCIÓN DE DATOS

A información sobre a política de protección de datos está dispoñible no [Portal de bolsas](#).

## 12. GLOSARIO PARA A ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN:

A continuación indícase a nomenclatura que se debe utilizar para presentar a documentación requirida.

### Documentación para entregar coa solicitude:

Proxecto (estudiantado de Belas Artes)	proxecto- apelido1-apelido2-nome/s
--	------------------------------------





Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Certificado estadía (estudantado Formación Profesional)	certfp- apelido1-apellido2-nome/s
Certificado de idiomas	cid-apelido1-apellido2-nome/s-(indicar idioma)

**Documentación para entregar unha vez seleccionado/a:**

Documento de aceptación	acep- apelido1-apellido2-nome/s
Renuncia	re- apelido1-apellido2-nome/s

**Documentación para entregar antes ou durante a estadía:**

Documento de ampliación da estadía (de ser o caso)	amp- apelido1-apellido2-nome/s
Documento de chegada a destino	dll- apelido1-apellido2-nome/s

**Documentación para entregar ao final da estadía:**

Certificado de fin de estadía	cefin- apelido1-apellido2-nome/s
-------------------------------	----------------------------------



## ANEXO II

### AXUDAS ECONÓMICAS

Por tratarse dun expediente de tramitación anticipada, a contía total máxima ten carácter estimada e a concesión das bolsas queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas desta convocatoria no exercicio correspondente.

Non poderán obter a condición de beneficiarias da bolsa Erasmus+ e das axudas complementarias as persoas nas quen conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións como declaran na solicitude de participación nesta convocatoria.

Tras a publicación da resolución de concesión de prazas Erasmus+ e unha vez aceptadas estas polo estudantado seleccionado, a Universidade de Vigo fará públicas as seguintes resolucións de concesión de axudas:

#### I. BOLSA ERASMUS+

A resolución de concesión das axudas publicarase tras a aprobación do proxecto de mobilidade presentado perante o Servizo Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE). A Universidade de Vigo asinará un convenio de subvención co SEPIE, que é a entidade financiadora. É unha axuda financiada pola Unión Europea co obxecto de sufragar os gastos complementarios por estudar nunha universidade estranxeira. Esta non ten como finalidade cubrir a totalidade dos gastos dos estudos no estranxeiro.

A contía da bolsa dependerá do país de destino segundo os seguintes grupos:

GRUPO	PAÍSES	BOLSA ERASMUS+	BOLSA ERASMUS+ Bolseiros con menos oportunidades*
GRUPO 1	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia Illas Feroe, Reino Unido e Suíza	350 € /mes	600€ /mes
GRUPO 2	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos e Portugal Estado Cidade do Vaticano, Mónaco e San Marino	300 € /mes	550€ /mes
GRUPO 3	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia e Turquía	250 € /mes	500€ /mes

\*Considérase estudantado con menos oportunidades:

-O estudantado bolseiro MEFP ou do Departamento de Educación do País Vasco no curso inmediatamente anterior á realizar a mobilidade, curso 2023-2024.

-O estudantado que teña recoñecida legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior a un 33%. De ser necesario, poderanse tramitar axudas adicionais dependendo do custo real dos gastos incorridos polo/a beneficiario/a mediante a presentación de facturas polos seguintes conceptos: transporte, acompañantes, servizos profesionais, outro tipo de gastos derivados da mobilidade.

Cofinanciado por  
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- O estudiantado que estea en risco de exclusión social.
- O estudiantado que teña a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentada unha solicitude de protección internacional en España.
- Víctimas de terrorismo, violencia de xénero.
- Familias numerosas, monoparentais ou orfos.
- O estudiantado con dependentes ao seu cargo.

**Axuda de viaxe ecolóxica:** o estudiantado poderá recibir unha axuda adicional de 50 € por desprazarse nas súas viaxes de ida e volta nun medio de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto (autobús, tren ou automóbil compartido). Para percibir esta axuda deberá achegar nun único documento PDF unha declaración xurada e os xustificantes (billetes de tren ou autobús) na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes a través do Formulario de Seguimento habilitado.

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de **1.800.000 €** en dúas anualidades para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito:

- En 2024, na aplicación orzamentaria 2024ORI1121DERA482.10 un total de **1.400.000 €**
- En 2025, na aplicación orzamentaria 2025ORI1121DERA482.10 un total de **400.000 €**

Este importe pode ampliarse dado que existe a posibilidade, en caso de necesidade, de que a financiación do SEPIE supere o crédito retido para esta convocatoria ou pola posibilidade de transferir fondos doutras partidas establecidas no convenio de subvención asinado pola Universidade de Vigo e SEPIE a esta partida de bolsas. O incremento do crédito nas condicións establecidas no artigo 58 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, permite fixar unha contía adicional que queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu caso, á previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito deberá ser publicada no [Portal de bolsas](#), con carácter previo á resolución de concesión sen que tal publicación implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

O pago da bolsa Erasmus+ efectuarase mediante transferencia bancaria á conta indicada polo estudiantado para participar no programa de intercambio e da que deberá ser titular.

Na resolución de adxudicación publicaranse as axudas máximas que o estudiantado percibirá: un máximo de 10 meses financiados para estadias anuais e un máximo de 5 meses financiados para estadias cuatrimestrais. Se as estadias son de máis duración, o resto de meses terán a consideración de bolsa cero.

Realizarase un primeiro pago polo importe correspondente ao 80 % da bolsa segundo os seguintes criterios:

- No caso de estudiantado con menos oportunidades, o pago realizarase trala sinatura do convenio de subvención.
- No caso do resto de estudiantado, tras o envío do certificado de chegada.

O importe restante aboarase tras a presentación do certificado final de estadia, se procede, e de completar a enquisa UE (EU Survey). De non ser posible a presentación do certificado de final de estadia antes do 15 de xullo de 2024, poderase tramitar o segundo pago correspondente por anticipado. En todo caso, o estudiantado deberá completar a enquisa tras finalizar a súa estadia e presentar o certificado de fin de estadia trala súa recepción.

Cofinanciado por  
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

## II. BOLSAS COMPLEMENTARIAS

### A. **Santander** BOLSA SANTANDER ERASMUS+

A Universidade de Vigo publicará unha resolución de concesión de axudas entre o estudiantado seleccionado como bolseiro Erasmus+ para o curso 2024-2025 cos seguintes **requisitos**:

- Estudiantado matriculado no curso 2023-2024 en centros propios e estudiantado de titulacións impartidas en centros adscritos de titularidade pública que non se imparten en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro da Universidade de Vigo).
- Ter concedida unha praza de intercambio Erasmus+ Estudos no curso 2024-2025 no cadro da presente convocatoria.
- Non ter concedida unha bolsa Santander Erasmus+ nas convocatorias dos cursos anteriores.
- Estar inscrito na web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com), na convocatoria “Becas Santander Erasmus” do curso 2024-2025 (a data límite para a inscrición é o 14 de marzo de 2024).

As axudas consistirán en **2 bolsas de 1.000 €** cada unha e **22 bolsas de 500 €** cada unha.

A selección realizarase baseándose na media do expediente ponderada que se calcula dividindo a media do expediente do estudiantado entre a nota media das persoas tituladas desa titulación. De non existir datos de persoas tituladas dunha titulación, tomarase a nota media por ámbito de estudos xeral de acordo cos datos ofrecidos pola Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED). A data que se tomará como referencia para o cálculo da nota media establecerase na resolución de concesión das axudas.

Aplicaranse os seguintes **criterios**, ata o esgotamento do crédito orzamentario:

➤ **Dúas bolsas de 1.000 €:**

Estas 2 axudas concederanse seguindo esta orde de prelación:

- 1.- Concederase unha axuda ao/á estudante coa maior nota media ponderada que xustifique unha discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- 2.- Concederase a segunda axuda ao/á estudante coa maior nota media ponderada.
- 3.- No caso de non haber ningunha solicitude de estudiantado con discapacidade, a axuda concederase ao estudiantado coa maior nota media ponderada que teña a condición de ser bolseiro/a MEFP ou do Departamento de Educación do País Vasco no curso 2023-2024.

➤ **Vinte e dúas bolsas de 500 €:**

Concederanse ao estudiantado coa maior nota media ponderada.

Os fondos destinados a esta axuda complementaria irán con cargo á aplicación orzamentaria 2024ORI1121DORI482.10 e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 13.000,00 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

Publicarase a partir do mes de maio de 2024 unha resolución coas listas provisorias de bolsas concedidas e de agarda para o caso de que se produzan renuncias. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 10 días hábiles na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes a través do Formulario de Seguimento habilitado.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Transcorrido o prazo, publicarase a resolución coas listas definitivas de bolsas concedidas e de agarda.

O pago desta bolsa efectuarase tras a incorporación do estudiantado á universidade de destino, unha vez recibido na ORI o certificado de chegada. O pago realizarase mediante transferencia bancaria á conta do Banco Santander indicada polo estudiantado da que deberá ser titular.

#### **B. BOLSAS DA XUNTA DE GALICIA**

En xaneiro de 2025, a Xunta de Galicia publicará unha convocatoria anual de axudas complementarias ao programa Erasmus+, compatible coas anteriores. Queda excluído desta convocatoria o estudiantado de mestrado universitario e aqueles que xa recibisen esta axuda en anteriores convocatorias.

A axuda varía en función da duración da estada e da nota media do expediente académico.

**IMPORTANTE:** a solicitude tramitarase en liña unicamente, polo que o estudiantado deberá asegurarse de que dispón dos medios para presentar a solicitude estando fóra de España (certificado dixital, Chave 365, DNIe).

#### **C. BOLSAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

Como en anteriores convocatorias, existe a previsión de sinatura dun acordo coa Deputación de Pontevedra que permitirá financiar axudas complementarias ao estudiantado Erasmus+ e ao estudiantado que goza doutras bolsas internacionais (ISEP, GE4, Bolsas propias).

A Universidade de Vigo fará pública unha resolución de concesión de axudas ao estudiantado seleccionado con bolsa Erasmus+ na presente convocatoria pertencente aos campus de Pontevedra e Vigo. A media do expediente ponderada calcúlase dividindo a media do expediente do estudiantado entre a nota media das persoas tituladas de cada titulación. De non existir datos de persoas tituladas dunha titulación, tomarase a nota media por ámbito de estudos xeral de acordo cos datos ofrecidos pola Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED). A data que se tomará como referencia para o cálculo da nota media establecerase na resolución de concesión das axudas.

#### **D. BOLSAS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE**

Como en anteriores convocatorias, existe a previsión de sinatura dun acordo coa Deputación de Ourense que permitirá financiar axudas complementarias ao estudiantado Erasmus.

A Universidade de Vigo fará pública unha resolución de concesión de axudas ao estudiantado seleccionado na presente convocatoria con bolsa Erasmus+ pertencente ao campus de Ourense por orde de media de expediente ponderada ata esgotar o crédito establecido no convenio. A media do expediente ponderada calcúlase dividindo a media do expediente do alumno/a entre a nota media das persoas tituladas de cada titulación. De non existir datos de persoas tituladas dunha titulación, tomarase a nota media por ámbito de estudos xeral de acordo cos datos ofrecidos pola Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED). A data que se tomará como referencia para o cálculo da nota media establecerase na resolución de concesión das axudas.

### **III. RENUNCIA**

Se a persoa beneficiaria quere renunciar ás axudas económicas concedidas ou a unha parte delas deberá comunicalo ao enderezo [outgoing.ori@uvigo.gal](mailto:outgoing.ori@uvigo.gal) da ORI, onde lle indicarán os trámites a seguir segundo o tipo de axuda.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

#### IV. INCOMPATIBILIDADES DAS AXUDAS

A bolsa Erasmus+ Estudos é compatible coa bolsas MEFP e con calquera outra bolsa ou axuda obtida para a realización da mobilidade e, en concreto, coas bolsas complementarias a esta axuda para realizar estadias en países participantes no programa Erasmus+ (bolsa Santander Erasmus+, bolsa de axudas complementarias da Xunta de Galicia e bolsas das Deputacións de Pontevedra e Ourense).

A bolsa **Santander Erasmus+** é incompatible con outras bolsas promovidas polo propio Banco Santander ou por outras entidades bancarias.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### V. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións que lles sexan de aplicación.

#### VI. REINTEGRO DA AXUDA E PERDA DO DEREITO DE COBRO

A revogación da concesión desta bolsa ou a declaración da perda do dereito de cobro suporán o reintegro das cantidades xa aboadas por parte da persoa beneficiaria polos seguintes motivos:

- Non realizar a estadia de mobilidade prevista.
- Non cumprir cos requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Non cumprir coas obrigas das universidades de destino ou non ter realizado ningún exame na universidade de destino sen a debida xustificación.
- Incurrir nas incompatibilidades establecidas nesta convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

Perder a condición de universitario/a, durante todo o período de goce da bolsa.